

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 11 DE XUÑO DE 2014

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 11 de xuño de 2014.

HORA DE COMEZO: 14:10 h.

HORA DE REMATE: 14:55 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas e D^a M^a Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D^a Berta Pérez Hernández, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos e D. José Luis Gestido Porto,

SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña e D. Francisco Javier Soliño, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

URBANISMO E VIVENDA

1º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 9 DE XUÑO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

1.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

1.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 23.411.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.769.- A Xoan Antón Ricoy Lago, con enderezo na Avda. de Vigo, nº 97-3ºH-Cangas, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as superficies construídas son as que figuran no modificado de proxecto básico de decembro de 2.010 e que son as seguintes:74,30 m2., de semisoto, 68,30 m2., de planta baixa, 62,15 m2., de primeiro andar e 25,35 m2., de aproveitamento baixo cuberta.

1.A.2) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 22.503.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR "INVERSIONES GALCANARY 2002, S.L.".- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo arquitecto municipal, o día 26 de novembro de 2013, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a "INVERSIONES GALCANARY, S.L.", con enderezo na Avda. de Ourense, nº 44-local 6-Cangas, para edificio de 14 vivendas, sito na Avda. da Coruña-Enseñanza-Darbo, construído ao abeiro da licenza municipal nº 22.384.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

1.A.3) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.423.- O tramitado a instancia de José García Gutiérrez, con enderezo en Rúa David Cal, nº 13-O Hío, para cerramento no referido lugar, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación do día 22 de xaneiro de 2014.

2º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 24.990.- Alejandro Sotelo Soliño, cambio contador eléctrico en Rúa Florida, nº 14-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 24.989.- Agustin Cortes Carballo, demolición baño e construción doutro en Mendiña, nº 45-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.008.- "GAS GALICIA S.D.G., S.A.", acometida de gas en Rúa Baiona, nº 20-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.014.- GAS GALICIA S.D.G. S.A., acometida de gas en Rúa Reboredo, nº 26-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.032.- "AIRIÑOS DO MAR, S.L.", limpeza de cuberta, canalóns e selado de xunta en fachada.

EXPEDIENTE Nº 25.037.- Luis Yáñez Rodríguez, reposición revestimento de piscina en Vilanova, nº 79-A-O Hío.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

3º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E MULLER S/SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE BALNEARIOS DIURNOS "COIDARTE-2014" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Examinada a proposta do día 5.6.14, da concelleira de Servizos Sociais, Sanidade e Muller, referente a solicitude de adhesión ao programa de balnearios diurnos "COIDARTE-2014", que di o seguinte:

"PROPOSTA PARA SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE BALNEARIOS DIURNOS 'COIDARTE-2014' DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Dolores Gallego Santos, Concelleira de Servizos Sociais, Sanidade e Muller do Ilmo Concello de Cangas, EXPÓN:

Que o BOPPO do 2 de xuño de 2014, publica a convocatoria para a adhesión dos concellos que así o soliciten ao programa 'Coidarte-2014', promovido pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra.

Este programa oferta balnearios, spas e talasos a prezos reducidos, cunha subvención de 35 euros/praza da Deputación, e de 10 euros/praza dos concellos adheridos. Os/as beneficiarios/as desfrutarán de 5 tardes (de luns a venres) no establecemento seleccionado facendo uso das súas instalacións durante unha media de 2 horas diarias.

Entendendo que este programa vense realizando nos últimos anos no Concello de Cangas cunha participación e satisfacción importante entre os/as participantes.

Polo exposto, PROPÓN:

A solicitude de adhesión do Concello de Cangas ao programa 'Coidarte-2014', da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra por un total de 80 prazas, o que suporá unha aportación municipal ao devandito programa de 800,00 euros."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Servizos Sociais, Sanidade e Muller, referente a solicitude de adhesión ao programa de balnearios diurnos "COIDARTE-2014".

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

4º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/SOLICITUDE DE SUBVENCÍONS AO ABEIRO DA ORDE DO 22 DE MAIO DE 2014 DE FOMENTO DO EMPREGO EN COLABORACIÓN CON ENTIDADES LOCAIS-ANO 2014

Examinada a proposta do día 5.6.14 da concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a solicitude de subvencións ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2014 de Fomento do Emprego en colaboración con entidades locais-ano 2014, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE EMPREGO DE SOLICITUDE DE SUBVENCÍONS AO ABEIRO DA ORDE DO 22 DE MAIO DE 2014 DE FOMENTO DO EMPREGO EN COLABORACIÓN CON ENTIDADES LOCAIS-ANO 2014

Vista a Orde do 22 de maio de 2014, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2014, a Concelleira de Emprego e Turismo propón á Xunta de Goberno Local, o seguinte:

PRIMEIRO.- Solicitar ao abeiro da citada Orde do do 22 de maio de 2014, subvención para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as, de acordo coa

seguinte táboa, que contrataría o Concello de Cangas, en caso de percibirse a pertinente subvención por parte da Consellería de Traballo e Benestar:

SERVIZO	OCUPACIÓN S SOLICITADAS	DURACIÓN CONTRATO	XORNADA	Nº TRABALLADORES
<i>SALVAMENTO EN PRAIAS</i>	<i>4 Patróns 20 Socorristas</i>	<i>2 meses</i>	<i>Completa</i>	<i>24</i>
			<i>TOTAL</i>	<i>24</i>

SEGUNDO.- Aprobar os proxectos que respecto dos servizos para os que se solicita a subvención, constan no expediente.

TERCEIRO.- Facultar ao Sr. alcalde-presidente, José Enrique Sotelo Villar, con D.N.I.: 35.285.485 N, para que asine a solicitude de subvención.

CUARTO.- Remitir o presente acordo á Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Traballo e Benestar, achegado da documentación que sinala a citada orde."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a solicitude de subvencións ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2014 de Fomento do Emprego en colaboración con entidades locais-ano 2014.

5º.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/AUTORIZACIÓN DO EXERCIZO DA VENDA AMBULANTE

Vista a proposta do día 13.5.14 da concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a solicitude de autorización do exercicio da venda ambulante no Concello de Cangas, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DO EXERCICIO DA VENDA AMBULANTE

ANTECEDENTES:

Por escrito presentado no Rexistro Xeral deste concello o día 07/05/2014 (nº entrada 5.292), Luis Miguel Lameiro Agis, con DNI 77407756Z e domicilio en estrada de Bueu-Gandón, nº 12-Aldán, solicita autorización municipal para a exercer a venda ambulante de produtos agrarios os martes e venres.

CONSIDERACIÓN S XURÍDICAS

I.- Ante as numerosas solicitudes deste tipo presentadas nos últimos meses, cómpre recordar que, como sinala o artigo 14 da Ordenanza Municipal Reguladora da Venda Ambulante no Termo Municipal de Cangas (B.O.P. nº 67, do 8 de abril de 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados para tal actividade.

Considerando esta previsión da ordenanza e tendo en conta a falta do espazo dispoñible a día de hoxe no recinto destinado ao mercadiño, conclúese que non é posible acceder ao solicitado polo interesado.

II.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.

Á vista do anteriormente exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar a solicitude dunha autorización para un posto de venda ambulante para os martes e venres presentada o día 07/05/2014, por Luis Miguel Lameiro Agis, con DNI 77407756Z, de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao interesado xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a solicitude de autorización do exercicio da venda ambulante no Concello de Cangas.

MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO

6º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO S/CONCESIÓN DE LICENZAS DE APERTURA PARA INSTALACIÓN DE QUIOSCOS DESMONTABLES EN TERREOS PRIVADOS, EN ZONA DE SERVIDUME, DURANTE A TEMPADA DE VERÁN-2014

Examinada a proposta do día 6.6.14 do concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo, referente á concesión de licenzas de

apertura para a instalación de quioscos desmontables en terreos privados, en zona de servidume, durante a tempada de verán-2014, que di o seguinte:

"O Concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo, Jesús Graña Graña, propón á Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación, o seguinte:

- *Primeiro.- Concesión de licenza de apertura para instalación de quiosco desmontable en terreo privado, en zona de servidume, durante a tempada de verán-2014, autorizado administrativamente pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Cumprindo coas condicións do anexo.*

- *Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados e aos departamentos de Intervención, Xestión de Ingresos e Estatística.*

1.- *ANGELA VIRGINIA PORTELA HERMELO, con DNI 78739249-Z, con enderezo en Camiño Liméns, 21-O Hío, Cangas, para a instalación dun quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Liméns-O Hío, Cangas.*

2.- *IVÁN LORENZO FERNÁNDEZ, con DNI 76930018-D, con enderezo en Rúa Pereiriña, 52, 4ªA-O Espírito Santo-Coiro, Cangas, para a instalación dun quiosco de 19,00 m2., no lugar de Praia de Arneles-O Iglxario, O Hío.*

3.- *SARA JUNCAL CALLEJA, con DNI 39485119-F, con enderezo en (no lugar do quiosco), para a instalación dun quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Areacoba-Espiñeira, Aldán.*

4.- *GONZALO SANTOME ROMERO, con DNI 76811169-R, con enderezo en (no lugar do quiosco), para a instalación dun quiosco de 10,00 m2., no lugar de Praia de Francón- Menduíña, Aldán.*

5.- *ROSA PIÑEIRO RIAL, con DNI 35286619-L, con enderezo en Camiño do Torreiro, 53-Santa Marta, Darbo, para a instalación dun quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Santa Marta, Darbo.*

6.- *AXA TILVE CABADA, con DNI 35323174-G, con enderezo en Rúa Mestre Carballo, 9, 6º, portal 1-Cangas, para a instalación dun quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Viñó-Barra-Nerga O Hío, Cangas.*

7.- *ADRIÁN PORTAS MONTEAGUDO, con DNI 45896342-A, con enderezo en Camiño Xareira, 23-Pinténs-O Hío, Cangas, para a instalación dun quiosco de 12,65 m2., no lugar de Praia de Castiñeiras-O Hío.*

8.- BEATRIZ SANTOMÉ CHAPELA, con DNI 76809108-X, con enderezo en Camiño de Viñó, 45-Nerga, O Hío, para a instalación dun quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Viñó-Nerga, O Hío.

9.- EZEQUIEL MARTÍNEZ SANTOS, con DNI 36027139-P, con enderezo en Camiño de Viñó, 45-Nerga, O Hío, para a instalación dun quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Viñó-Nerga, O Hío.

10.- MARÍA DOLORES GAYO PUENTES, con DNI 53116098-J, con enderezo en Paradela, 31, Moaña, para a instalación dun quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Areabrava-O Hío.

ANEXO

As licenzas outorgadas estarán sometidas ás seguintes CONDICIÓNs:

1º.- Previamente á instalación deberase proceder ao pagamento das taxas que por concesión de licenza temporal lle sexan liquidadas pola Intervención Municipal.

2º.- O horario de apertura será de 10:00 horas atas as 22:00 horas.

3º.- Queda prohibida calquera tipo de ambientación musical.

4º.- Deberá depositar o lixo e desperdicios no colector do lixo máis próximo, debendo habilitar, a súa costa, un colector no caso de que os de propiedade municipal resulten insuficientes. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.

5º.- A autorización municipal é intransferible.

6º.- Queda prohibida a venda ou elaboración de calquera tipo de comidas, podéndose unicamente proceder á venda de bebidas e xeados, non admitíndose tampouco o consumo de comidas aportadas polos usuarios.

7º.- Todas as súas conducións de servizo terán que ser soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como, a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede de saneamento xeral, se existe, quedando en todo caso prohibido os sistemas de drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño.

8º.- A instalación será desmontada trascorridos 15 días desde a súa extinción.

9º.- Non se permitirá a execución de obras de fábrica debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables de cor branco, madeira ou similares.

10º.- O prazo de vixencia estenderase desde o día 1 xuño ata o 30 de setembro de 2014.

11º.- *Disporase do correspondente certificado sanitario e do seguro de accidentes para os/as usuarios.*

12º.- *O/A titular e o persoal ás súas ordes deberá exhibir, en calquera momento no que así se solicite, por calquera autoridade competente para iso, a correspondente autorización.*

13º.- *Observarase o previsto no R.d. 2817/83, do 13 de outubro, e na Orde do 31 de marzo de 1976 (BOE do 24 de abril).*

14º.- *Advírteselle ao interesado/a que, no caso de instalación de terraza sen cumprimentación dos requisitos solicitados, procederase por parte da Policía Local ao levantamento inmediato desta, dando lugar, así mesmo, ás accións legais que o concello estime oportunas."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo, referente á concesión de licenzas de apertura para a instalación de quioscos desmontables en terreos privados, en zona de servidume, durante a tempada de verán-2014.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

7º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

7.A) DENEGACIÓN DE SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE SINAL DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda denegar os seguintes pedimentos, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local:

1.- JOSÉ ALFONSO NOVAS COSTAS, con enderezo en Baixada á Praia de Nerga, 32-A-O Hío, para a instalación de pasaxe permanente en San Cibrán, 28-Aldán, denégase a solicitude de pasaxe permanente, por non ter obxecto o referido sinal a entrada ou saída de vehículos.

PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE ROUPA DE TRABALLO (LOTES Nº2 E Nº 3)

Vista a proposta da Alcaldía do día 3.2.14 , referente a adxudicación do acordo marco para a subministración sucesiva de roupa de traballo para persoal do Concello de Cangas, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE ROUPA DE TRABALLO (LOTES Nº 2 e Nº 3)

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do acordo marco para a subministración sucesiva da uniformidade da Policía Local e Protección Civil (lote nº 2) e roupa de traballo para outros departamentos municipais (lote nº 3).

Visto que Iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.', con CIF nº B-36112043, por ser esta a única empresa que se presentou á licitación e reunir a súa oferta os requisitos esixidos.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que así mesmo, constituíu garantía definitiva e aboou os gastos do anuncio de licitación.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.', con CIF nº B36112043, o acordo marco para a subministración sucesiva da uniformidade da Policía Local e Protección Civil (lote nº 2) e roupa de traballo para outros departamentos municipais (lote nº 3), nas condicións ofertadas na súa proposta:

- Rebaixa dun 2% nos prezos unitarios sinalados no prego de prescricións técnicas.*
- Prazo de entrega dos produtos a subministrar: 5 días hábiles.*

Segundo.- Dispoñer, en contía de 16.500 euros, o gasto que para este concello representa a mencionada contratación (lote nº 2: 6.000,00 €, para uniformidade de Policía Local e Protección Civil; e lote nº 3: 10.500,00 €, para roupa de traballo doutros departamentos municipais).

Terceiro.- Nomear responsable deste contrato á empregada municipal Teresa Casal Rivas, quen se encargará de tramitar os pedidos de uniformidade e roupa, e comunicar ó órgano de contratación calquera incidencia que xurda na execución do contrato.

Cuarto.- Notificar a 'PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Quinto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do órgano de contratación.

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Sétimo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a adxudicación do acordo marco para a subministración sucesiva de roupa de traballo para persoal do Concello de Cangas.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES COFINANCIADAS POLO FEDER

Vista a Resolución da Alcaldía do día 9.6.14, referente a solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, que é como segue:

"SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURALS, COFINANCIADAS POLO FEDER

Vista a Orde do 16 de maio de 2014 pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e as súas entidades públicas, con personalidade xurídica propia e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a

realización de actividades culturais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (Código de procedemento CT 21 IB).

Vistas as necesidades do auditorio municipal, cumprindo os requisitos que se establecen na orde citada, e con base nas atribucións que teño conferidas pola lexislación vixente, RESOLVO:

Primeiro.- Solicitar unha axuda de CINCO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS (5.250,00 €), para a ADQUISICIÓN DUNHA PANTALLA DE PROXECCIÓN PARA O AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS, cun orzamento total de SETE MIL EUROS (7.000,00 €).

Segundo.- Aprobar a ADQUISICIÓN DUNHA PANTALLA DE PROXECCIÓN PARA O AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS, cun orzamento total de SETE MIL EUROS (7.000,00 €), segundo o seguinte financiamento:

ORZAMENTO TOTAL	SOLICITUDE CONSELLERÍA CULTURA (75)	APORTACIÓN MUNICIPAL 25%
7.000,00 €	5.250,00 €	1.750,00 €

Terceiro.- Adquirir o compromiso por parte do Concello de Cangas de achegar a porcentaxe do orzamento do proxecto que lle corresponda."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda tomar coñecemento da Resolución da Alcaldía do día 9.6.14, referente a solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais.

B) ESCRITO DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO S/DELIMITACIÓN DE ESPAZOS E USOS PORTUARIOS DO PORTO DE VIGO

Examinado o escrito do día 5.6.14 da Autoridade Portuaria de Vigo, referente á delimitación de espazos e usos portuarios do Porto de Vigo, que di o seguinte:

"ASUNTO: delimitación de espazos e usos portuarios do Porto de Vigo

A tramitación da Delimitación de Espazos e Usos Portuarios (DEUP) do Porto de Vigo, atópase nunha fase moi avanzada da súa tramitación.

Como é coñecedor ese concello, na DEUP propónse a desafectación do dominio público portuario do tramo comprendido entre o inicio da antiga factoría de Massó ata o Porto

da Congorza, límite actual da zona de servizo do Porto de Vigo no termo municipal de Cangas.

Para que se poida producir tal desafectación e de conformidade co artigo 44.1 do Real decreto legislativo 2/2011, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, a Dirección Xeral de Sosteñibilidade da Costa e do Mar, esixe adoptar unha serie de medidas medioambientais correctoras para recuperar a fronte marítima e medidas de seguridade para evitar accidentes. Tamén esixe que se adopten as medidas necesarias para eliminar o vertido directo ao mar da EDAR de Cangas, no extremo noreste do porto da Congorza.

A Autoridade Portuaria xa está redactando un proxecto para recuperar a fronte marítima, adoptando as medidas correctoras esixidas, tanto desde o punto de vista medioambiental como de seguridade. Pero o vertido directo ao mar da EDAR non é competencia do Porto de Vigo, polo que para que se poida proceder canto antes á desafectación deste tramo de costa, é necesario un compromiso dese concello de que se adoptarán as medidas necesarias para eliminar dito vertido."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- O Concello de Cangas comprométese a adoptar as medidas necesarias para garantir a debida canalización da vertedura proveniente da EDAR de Cangas, ben a través das obras de mellora incluídas no expediente de adxudicación da xestión dos servizos públicos relacionados co ciclo integral da auga ou ben a través dun acordo con Augas de Galicia.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Autoridade Portuaria de Vigo.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente